FlamencoEñe 2021

CONVOCATORIA DE MÚSICA

fundación sgae

A **Fundación SGAE** pon en marcha a quinta edición de FlamencoEñe, iniciativa que ten como obxectivo a internacionalización do flamenco de autores socios da SGAE e que terá lugar do **2 ao 4 de decembro de 2021 en Murcia**, España.

Por este motivo, a **Fundación SGAE** abre unha convocatoria pública dirixida a:

• Todos os autores socios da SGAE que forman parte do sector musical.

• Grupos de flamenco que non teñen como integrante a un autor socio da SGAE, pero si utilizan repertorio rexistrado na SGAE.

Os obxectivos deste programa son: promover de forma directa o flamenco do noso país, incentivar a participación de grupos españois de flamenco en festivais, promover xiras internacionais para socios da SGAE e favorecer os encontros e o intercambio de experiencias e coñecemento entre profesionais do sector (autores, artistas, *managers*, programadores, directores de festivais, discográficas, etc.) do noso país e do resto do mundo.

Nestes 3 días os autores e os grupos de flamenco participantes ofrecerán concertos en formato *showcase* ao público asistente, do que formarán parte diferentes directores e programadores de festivais internacionais interesados en coñecer a realidade do flamenco español. Ademais, organizaranse encontros entre directores de festivais e programadores de flamenco internacionais, convidados pola **Fundación SGAE**, e *managers* de autores e grupos. Nesta edición, colabora coa mostra o **Concello de Murcia**.

BASES

1. Solicitantes e requisitos

A Fundación SGAE convoca a todos aqueles interesados que se correspondan cos indicados no segundo parágrafo do presente documento.

A inscrición poderán presentala:

• Directamente os autores socios da SGAE no seu propio nome e dereito, ou a través do representante legal da entidade que os representa, de tal xeito que se entende que estas actúan como axencias de *management*, etc., que estean debidamente acreditadas e que presenten a solicitude en nome e representación do autor ou grupo de flamenco.

• Directamente, no seu propio nome e dereito e no de todos e cada un dos membros do grupo de flamenco, un dos membros que compoña o grupo de flamenco e o cal se corresponda co representante colectivo do mencionado grupo (artigo 111 do RDL 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o TRLPI) que non integre ningún autor socio da SGAE pero si utilicen repertorio SGAE nun 100 %, ou a través do representante legal da entidade que os representa, onde se entende que estas actúan como axencias de *management*, compañías discográficas, etc., que estean debidamente acreditadas e que presenten a solicitude en nome e representación do grupo de flamenco que non integre ningún autor socio da SGAE pero si utilicen repertorio SGAE nun 100 %.

2. Solicitude e documentación

As solicitudes deberán cursarse, en lingua castelá, a través do sistema online habilitado para ese efecto na web da Fundación SGAE **www.fundacionsgae.org** coa seguinte documentación:

• Formulario de solicitude debidamente cuberto.

• Fotocopia do NIF / NIE / CIF/ Pasaporte do solicitante, en vigor.

• Escrituras ou documentación que acrediten a representación legal da empresa solicitante en nome do beneficiario ou do representante colectivo do grupo musical que realiza a inscrición.

• CV do autor ou traxectoria do grupo de flamenco, que inclúa referencias a plataformas online onde poder escoitar e/ou ver traballos previos. A proposta de formación musical debe ser a do proxecto que se desexe presentar en FlamencoEñe, e incluír toda a información detallada dos participantes propostos, repertorios que se interpretarán e o traballo específico que se desexa internacionalizar a través desta participación. Só poderán admitirse propostas musicais cun máximo de 5 integrantes por grupo.

• Arquivo de son cunha mostra da súa música (formato MP3).

• Autorización asinada polo autor e/ou por todos os compoñentes do Grupo musical que se presente na que se autorice a Fundación SGAE para usar os seus datos de carácter persoal para todas as xestións necesarias para a súa participación nesta convocatoria. É obrigatoria a presentación desta autorización. A súa non-presentación suporá automaticamente a desestimación da solicitude.

• Outra documentación adicional relevante (opcional).

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase o 26 de xullo de 2021 e manterase aberto ata o 9 de setembro de 2021.

3. Procedemento de selección

Un Comité de Avaliación, designado pola Fundación SGAE e formado por profesionais do sector musical especializados en flamenco, programadores, así como representantes institucionais e profesionais da xestión cultural, será o encargado de avaliar e seleccionar a autores e aos grupos que participarán en FlamencoEñe.

Elaborarase unha listaxe de seleccionados e de suplentes (esta última non se fará pública), co fin de garantir a selección en caso de renuncia dos primeiros.

Unha vez valoradas as solicitudes, e seleccionados os autores e grupos con maior puntuación e os autores e grupos suplentes, o Comité Organizador porase en contacto cos autores e grupos previamente seleccionados co fin deverificar, confirmar e constatar a dispoñibilidade de participación destes nas datas e lugares de realización de FlamencoEñe.

No caso de que haxa seleccionados que non teñan dispoñibilidade de participación, procederase a contactar aos autores e grupos designados como suplentes polo Comité de Avaliación.

A resolución do Comité será inapelable e farase pública ao longo do mes de outubro de 2021.

Entre a data de publicación da resolución dos seleccionados definitivos por parte do Comité Organizador e a data de realización de FlamencoEñe, os grupos que resultasen seleccionados deberán achegar a listaxe cos datos de cada un dos artistas membros que forman parte do grupo de flamenco co fin de poder levar a cabo a contratación da súa actuación.

4. Criterios de avaliación

O Comité avaliará as aptitudes artísticas dos candidatos atendendo aos seus CV e á traxectoria do grupo de flamenco e o resto de documentación achegada, valorando a orixinalidade, a creatividade e a viabilidade do proxecto.

5. Obrigacións da Fundación SGAE

A Fundación SGAE asumirá, ben de forma directa ou a través dos seus colaboradores:

• A xestión e os gastos de viaxe e aloxamento de cada un dos autores seleccionados e de todos e cada un dos membros que compoñen os grupos de flamenco que resultasen seleccionados.

• A xestión e os gastos de produción dos concertos.

• A Fundación SGAE aboaralles 200 € brutos a cada un dos autores socios da SGAE seleccionados e a cada membro integrante dos grupos de flamenco seleccionados, até un máximo de 5 integrantes por grupo, pola súa actuación. Para estes efectos deberase subscribir o correspondente contrato laboral no réxime especial de artistas.

6. Circunstancias especiais derivadas da pandemia de COVID-19

• Todos os participantes que resulten seleccionados para participar en FlamencoEñe deberán observar todos os protocolos de seguridade que estableza a Fundación SGAE para o desenvolvemento do evento. No caso de non ser observados estes protocolos, a Fundación SGAE poderá excluír o autor ou grupo seleccionado de participar no proxecto.

• A Fundación SGAE, debido ás especiais circunstancias derivadas da pandemia de COVID-19, resérvase o dereito a cancelar, en calquera momento da súa realización ou estado de desenvolvemento, FlamencoEñe sen que desta cancelación se derive responsabilidade ningunha fronte aos seleccionados ou outros terceiros e sen que ningún dos seleccionados ou calquera terceiro teña dereito a reclamarlle á Fundación SGAE indemnización ningunha por calquera causa ou concepto.

• Así mesmo, a Fundación SGAE, debido ás especiais circunstancias derivadas da pandemia de COVID-19, resérvase o dereito a levar a cabo FlamencoEñe por vías distintas e de maneira distinta ás previstas nestas bases se as circunstancias sanitarias obrigasen a isto. Así, a título enunciativo e non limitativo: a través de medios telemáticos ou calquera outro que dispoña a Fundación SGAE para a realización tanto dos concertos como das charlas cos programadores, acurtando prazos do proxecto, etc.

7. Normas xerais

• Os participantes eximen á Fundación SGAE de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente en materia de propiedade intelectual en España, na que puidesen incorrer coas obras presentadas.

• Polo feito de concorrer a esta convocatoria, os autores participantes aceptan integramente estas Bases.

• A Fundación SGAE non adquire, en virtude desta convocatoria, ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria, en relación coa realización e desenvolvemento deste proxecto, distinta da detallada neste documento.

• En caso de reclamación ou conflito, tanto os participantes como os organizadores do proxecto deberán someterse á xurisdición dos Tribunais de Madrid Capital, España.

8. Deber de confidencialidade e protección de datos persoais

Toda a información que os solicitantes subministren para a xestión da convocatoria ten carácter confidencial.

Os datos de carácter persoal que voluntariamente faciliten os solicitantes incorporaranse a un ficheiro cuxo responsable é a Fundación SGAE e utilizaranse única e exclusivamente para a xestión da participación do solicitante nesta convocatoria. O titular do Dereito Fundamental á Protección de Datos Persoais conta cos dereitos de Acceso, Rectificación, Supresión, Limitación, Oposición, Portabilidade de Datos e a Non ser obxecto de decisións individuais automatizadas. Para exercelos pode dirixirse por escrito a: a Fundación SGAE, á atención dos Servizos xurídicos, rúa Bárbara de Braganza, 7, 28004 Madrid. O escrito deberá indicar nome e apelidos e mais o dereito exercido e o motivo e deberá acompañarse de fotocopia do DNI/NIE ou pasaporte. A Fundación SGAE presume que os datos facilitados polo interesado son veraces e responden á súa situación actual. O interesado obrígase a comunicarlle a súa modificación desde o momento en que se produza.

Para máis información:

informacion@fundacionsgae.org

Organiza:

fundación sgae

Colabora:

Ayuntamiento de Murcia

Coa colaboración de sgae

BASES